

**CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN  
TUTORIAL E DO PLAN DE CONVIVENCIA**

**IES EDUARDO PONDAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Curso 2023-2024**

## **PROPOSTA DA CONCRECCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL E DO PLAN DE CONVIVENCIA**

*Contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, a igualdade entre homes e mulleres, a educación afectivo-sexual, a prevención do consumo de drogas, o uso responsable das novas tecnoloxías.....***O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS EMOCIONAIS E SOCIAIS E A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E HIXIENE.**

*Os programas que veñen a continuación son **programas de prevención** que se desenvolven coa colaboración das seguintes entidades ou organismos: Concello de Santiago, Unidade Municipal de Atención a Drogodependentes (UMAD), IGASEX-3 , Cruz Vermella Xuventude, Quérote +, .....Baixo a coordinación do Departamento de Orientación deste centro.*

### **PROGRAMA CONETA ALEIDA. IGAXES-3**

ALEIDA é un proxecto dirixido a promover a xestión da diversidade e a mediación intercultural e enmárcase nos programas relacionados coa inmigración e o traballo con persoas en risco de exclusión social que desde o 2007, leva a cabo IGAXES-3. IGAXES-3 nace no ano 2001 como unha organización sen ánimo de lucro, desde e para as persoas, de prestración de servizos no terreo social. Traballa especialmente na inclusión social de colectivos vulnerables a través dunha filosofía de traballo baseada nos conceptos de incubación social e empoderamento.

### **PROGRAMA DE TITORÍAS INDIVIDUALIZADAS DE MEDIACIÓN NO CONFLITO**

#### **OBXECTIVOS:**

- Estudar cos alumnos/as que participan na titoría individualizada as dificultades que teñen no centro, cos profesores/as, cos alumnos/as, e traballar as posibles alternativas ou solución.
- Desenvolver as competencias emocionais:

- Estratexias de resolución de conflitos: Ensinar a desenvolver os pasos necesarios para dar solución alternativas aos conflitos a través de técnicas de comunicación e escpita activa.
- Habilidades Sociais: escoitar, iniciar e mantaer unha conversa, formular unha pregunta, pedir axuda, seguir instrucións.
- Habilidades Emocionais: Controlar os sentimentos, controlar os impulsos,..
- Habilidades Cognitivas: Saber ler e interpretar os indicadores sociais, dominar os impulsos, anticipar consecuencias, comprender as normas de conduta (o que é , e o que non é unha conduta aceptable).
- Habilidades de conduta: responder eficazmente á crítica, resistir ás influencias negativas, escoitas aos demais.

#### PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

- As titorías individualizadas de IGASEX-3 forman parte do Programa CONECTA ALEIDA, que está incluído dentro do Plan de Convivencia do centro, Plan Xeral do centro, Plan do Departamento de Orientación, aprobados polo Consello Escolar e Claustro.
- As familias dos alumnos/as aos que van dirixidas serán informadas e haberá que ter a súa conformidade para levalas a cabo.
- Os alumnos-as serán informados e aceptarán o programa.
- As titoras/as serán informados.
- A Dirección do centro dará a súa conformidade, e encargarse da provisión dos espacios.
- A Xefa do Dpto. de Orientación coordinará o programa.
- Cada un dos alumnos/as que participen no programa terán sesións de forma individualizada cos técnicos de Igaxés-3 (Educador/a Social).
- Na última semana do programa, terá lugar unha reunión dos Educadores/as Sociais coas titoras/es dos alumnos/as que participen no programa para transmitirles a información de cada caso e realizar unha avaliación.

#### **Características xerais dos contextos socio/familiar dos alumnos/as:**

- ✓ Situación socio-familiar desfavorable.
- ✓ Influencia dun contorno problemático ou conflitivo.

**Características persoais:**

- ✓ Situación académica desfavorable, tendencia ao fracaso e/ou absentismo escolar.
- ✓ Falta de interese, motivación fronte os estudos.
- ✓ Pouca aceptación dos signos ou persoas que representan autoridade.
- ✓ Baixa autoestima e pouca confianza nas súas capacidades persoais.
- ✓ Dificultade para planificarse e finalizar as tarefas encomendadas.
- ✓ Falta de identificación coa institución educativa.
- ✓ Incumprimento das normas de convivencia do centro educativo.

**CONCELLO DE SANTIAGO (SERVIZOS SOCIAIS)**

- **Obradoiro sobre “Redes Sociais”.** Dirixido ao alumando de 2º de ESO.

Temporalización: 1º Trimestre.

Duración: 5 sesións.

**OBXECTIVOS:**

- Promover entre os/as adolescentes e mozos/as actitudes de uso responsable das novas tecnoloxías.
- Distintinción entre uso, abuso e adicción ás novas tecnoloxías
- Informar sobre os perigos e consecuencias dun uso inadecuado das novas tecnoloxías.
- Fomentar habilidades sociais no uso das novas tecnoloxías.
- Favorecer a adquisición de habilidades sociais e emocionais para relacionarse e xestionar as propias emocións na rede.

**CONTIDOS:**

- Principais redes sociais utilizadas polos adolescentes: características.
- Problemas derivados dun uso irresponsable das novas tecnoloxías.
- Estratexias para salvagardar a intimidade na rede.
- Identificación de condutas discriminatorias.

- Estratexias de interacción social.
- Habilidades sociais e asertividade.

### **OBRADOIROS DA ONG “MOVEMENTO POLA PAZ”: EDUCACIÓN EN IGUALDADE, CONVIVENCIA E HABILIADES SOCIAIS**

- **Obradoiro sobre “Igualdade de Xénero”.** Dirixido ao alumando de 2º de ESO.

Temporalización: 2º Trimestre.

Duración: 3 sesións.

#### OBXECTIVOS:

- Promover a igualdade entre mozos/as evitando as estereotipias de xénero e recoñecendo actitudes discriminatorias.
- Favorecer a adquisición de actitudes de respecto cara a diversidade de persoas e orientacións sexuais.

#### CONTIDOS:

- Principais estereotipias relacionadas co xénero.
- Igualdade e dereitos humanos.
- Habilidades sociais e asertividade.

- **Obradoiro sobre “Bo Trato e Coidado”.** Dirixido ao alumando de 4º de ESO.

Temporalización: 2º Trimestre.

Duración: 3 sesións.

#### OBXECTIVOS:

- Coñecer os circuítos de recompensa xeral do organismo.
- Coñecer distintas formas de relación.
- Provomover relacións sans non so na vida real se non tamén nos medios virtuais.

- Desmentir mitos do amor romántico.

CONTIDOS:

➤ Formas de relacionarse.

➤ Modelo relacional de Sternberg.

➤ Mitos del amor romántico.

➤ O bo trato nas redes sociais.

- **Obradoiro sobre “Educación para a Cidadanía Global”**. Dirixido ao alumnado de 3º de ESO.

Temporalización: 3º Trimestre.

Duración: 3 sesións.

OBXECTIVOS:

- Sensibilizar ao alumnado sobre temas globales que afectan a todo o planeta: Dereitos Humanos, Igualdad de Xénero, Sostenibilidade Medioambiental, Convivencia Intercultural e Loita contra a Pobreza.

CONTIDOS:

- Información e reflexión sobre os temas tratados.

**PROGRAMA CRUZ VERMELLA-XUVENTUDE: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E CONVIVENCIA**

- **Obradoiro “Prevención de Acoso Escolar”**. Dirixido aos grupos de 1º ESO.

Temporalización: 1º Trimestre.

Duración: 2 sesións de 50 minutos.

- **Obradoiro “Uso das Novas Tecnoloxías: Video Xogos, Redes Sociais, etc.”**. Dirixido ao grupo de 1º ESO.

Temporalización: 2º Trimestre.

Duración: 2 sesións de 50 minutos.

- **Obradoiro de “Sexualidade”**. Dirixido ao alumnado de 3º de ESO.

Temporalización: 2º Trimestre.

Duración: 2 sesións de 50 minutos.

- **Obradoiro “ Educación para Saúde: Alimentación”**. Dirixido ao alumnado de 4º de ESO.

Temporalización: 3º Trimestre.

Duración: 2 sesións de 50 minutos.

**Un dos obxectivos prioritarios no proxecto global de Cruz Vermella Xuventude é o traballo no campo da promoción de hábitos de vida saudables, necesidade xurdida da preocupación pola calidade de vida de adolescentes e mozos/as.**

A defensa da saúde foi dende sempre obxectivo prioritario de Cruz Vermella Española, sen embargo a evolución da nosa institución nos últimos anos transformou a orientación do seu labor neste campo, pasando dunha intervención meramente asistencial a desenvolver unha laboura preventiva e por tanto de promoción de hábitos saudables.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) na súa Constitución, define a saúde como "un estado de completo benestar físico, mental e social, e non solamente a ausencia de afeccións ou enfermidades"<sup>1</sup>. Esta nova dimensión fainos situarnos nun plano non só individual e illado, senón nun plano integrador da sociedade y do ser humano, entendendoó como conxunto de condiciones necesarias ou calidade de vida que permita á persoa exercer tódalas súas facultades en harmonía e relación co seu propio medio.

A nosa saúde depende, nunha considerable medida, do medio político, social, cultural, económico e físico no que nos desenvolvemos. Fomentar a saúde supón por tanto desaeen os individuos a capacidade de elección dun estilo de vida san, acorde con ese medio e ó seu vez, melloralo cos diferentes medios que temos ó noso alcance, que a elección dese sistema de vida san chegue a se-la opción máis fácil para todos e todas. Pero o que sexa ou non saudable non hai que deixalo unicamente en mans dos expertos, senón que é algo

---

<sup>1</sup> La Constitución fue adoptada en Nueva York el 22 de Julio de 1946 por la Conferencia Institucional de la Salud.

que podemos deseñar entre todos e todas porque ten que ver co noso modo de entender e organizar a vida.

Por todo elo, traballar a área de saúde dende Cruz Vermella Xuventude supón facelo dende o programa de Educación para a Saúde, é dicir, non só transmitindo información e coñecementos elementais sobre cuestións de salubridade, senón, sobre todo, desenvolvendo no conxunto da poboación hábitos capaces de modificar aqueles comportamentos insás ou perigosos para a súa saúde. Para elo, será necesario recorrer a estratexias de intervención e procedementos específicos de aprendizaxe e adquisición de condutas.

Segundo o Preámbulo e o Artigo único da Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro do Ministerio de Educación e Formación Profesional, o tratamento na escola de temas como A Saúde, A Igualdade, A Paz/Cooperación e O Medio Ambiente son fundamentais no desenvolvemento persoal e na formación dos cidadáns. Cruz Vermella Xuventude, orientada ó traballo educativo con adolescentes e mozos, pode ser vehículo de apoio para colaborar coa consecución deste obxectivo.

#### OBXECTIVOS:

- Fomentar a non discriminación e a toma de conciencia sobre a igualdade de xénero.
- Promover unha adecuada resolución de conflitos a través da mediación e formas non violentas.
- Prevenir condutas fóbicas por motivos de raza, sexo, identidade/orientación sexual, etc.
- Concienciar ó alumnado do significado de determinada simboloxía para prevenir a súa utilización.
- Coñecer condutas que poden ser síntomas de adicción. Síndrome de abstinencia.
- Adquirir información sobre Videoxogos e Redes Sociais: características, uso que realizan os menores, vantaxas e riscos e pautas de uso axeitado.
- Desenvolver hábitos de condutas seguras na rede a través do coñecemento dos principais perigos.
- Fomentar o interese de adolescentes e mozos/as pola adopción de hábitos e condutas saudables como parte do seu desenvolvemento integral, modificando aqueles



comportamentos que respondan a costumes individuais e sociais insanas e perigosas para a súa saúde.

- Promover entre os/as adolescentes e mozos/as actitudes de responsabilidade respecto a conduta e hábitos de alimentación coa finalidade de adquirir unha dieta saudable/nutritiva e previr os trastornos na conduta alimentaria (anorexia, bulimia).
- Analizar e ampliar o concepto de Saúde, atendendo á evolución do termo dende un punto de vista puramente físico, ata unha concepción máis integral e positiva.

### **Destinatarios**

Tendo en conta a importancia dos contidos que se desenvolven no programa , consideramos necesario traballar a prevención en adolescentes e mozos con idades comprendidas entre os 14 e os 20 anos, pertencentes a centros educativos, asociacións xuvenís, centros de barrios, etc. Non obstante, se considerarán como prioritarias persoas dun nivel socioeconómico e cultural baixo, procurando responder ás necesidades existentes.

### **Metodoloxía**

Seguindo a liña de actuación da nosa asociación, a metodoloxía será participativa e dinámica, de forma que evite a desmotivación e axude á reflexión, ó análise e á procura de alternativas. A participación de tódolos membros do grupo a través do debate, a discusión, o traballo en equipo, o intercambio de coñecementos e puntos de vista... favorece, sen dúbida, o proceso de aprendizaxe.

A metodoloxía que se levará a cabo terá en conta os seguintes criterios psicopedagóxicos:

- ✓ Partir dos intereses e as capacidades do grupo, así como dos seus coñecementos previos sobre o tema.
- ✓ Fomenta-la cohesión de grupo, a participación e o traballo en equipo, utilizando as técnicas e os recursos convenientes para elo.
- ✓ Promover un clima de confianza próximo ó grupo, que favoreza a implicación do mesmo nas actividades e no enfoque de dúbidas.
- ✓ Adapta-los contidos e actividades ó perfil específico do grupo co que se intervén.

### **Areas a desenvolver**

Tendo en conta o grupo de poboación ó que está dirixido o programa, considéranse como áreas de traballo prioritarias as seguintes:

#### 1.Habilidades Sociais: Prevención Condutas Violentas.

##### OBXECTIVOS:

- Desenvolver habilidades sociais que permiten unha convivencia axeitada e unha resolución pacífica de conflitos.

##### CONTIDOS:

- Identificación das principais habilidades sociais.
- Identificación e xestión das emocións básicas.
- Técnicas para xestionar as emocións e resolver conflitos.
- Consecuencias das condutas violentas.
- Alternativas de Lecer e Tempo Libre adaptadas ó perfil dos/as adolescentes e mozos cos que se intervén.

#### 2. Educación para a Saúde: Alimentación e Sexualidade.

##### OBXECTIVOS:

- Informar ós/as adolescentes e mozos sobre a enfermidade e os seus diferentes tipoloxías.
- Dar a coñecer ó grupo factores de risco, síntomas e consecuencias dos trastornos alimenticios.
- Potenciar as habilidades sociais, a autoestima e hábitos de vida saudables como prevención dos trastornos.
- Fomentar espírito crítico nos/as adolescentes e mozos cara calquera tipo de imaxe que favoreza o éxito, o prestixio e o recoñecemento social da delgadeza.
- Promover a aceptación da sexualidade como unha dimensión positiva e necesaria para o desenvolvemento integral da persoa.
- Favorecer a adquisición de actitudes de respecto cara a diversidade de persoas e orientacións sexuais.

- Favorecer un maior coñecemento do corpo e o achegamento ós recursos de saúde existentes na sociedade, como factores que contribúen ó benestar dos/as adolescentes e mozos/as.
- Aportar información adecuada sobre anticoncepción e enfermidades de transmisión sexual (ETS), que contria a prevención de embarazos non desexados e de ETS.
- Dotar ós participantes de ferramentas persoais efectivas que favorezan a vivencia da propia sexualidade dunha forma sana e responsable.
- Favorecer que os individuos e os grupos organizados da sociedade, acepten a saúde como un valor fundamental, tratando de facer dela un patrimonio da comunidade, e asumindo responsabilidades e control de moitas das condicións que lle afectan.

#### CONTIDOS:

- Principais trastornos do comportamento alimenticio: anorexia nerviosa e bulimia nerviosa.
- Tipoloxía da enfermidade.
- Factores determinantes dos trastornos do comportamento alimenticio.
- Medios de comunicación social. A publicidade. Estereotipos de beleza.
- Factores de risco.
- Prevención da anorexia e a bulimia: Autoestima e Habilidades sociais.
- Alimentación e nutrición. Dietas saudables, deporte e alternativas no tempo libre.
- Recursos de prevención e tratamento da enfermidade. O papel do grupo de amigos e a familia.
- Concepto de Sexualidade.
- Orientación do desexo e identidade sexual. Prexuízos e estereotipos.
- Anatomía e Fisioloxía sexual.
- Métodos anticonceptivos e enfermidades de transmisión sexual.

#### **OBRADOIRO QUÉROTE +**

- **Obradoiro “Imaxe Corporal e Autoestima”.** Dirixido ao alumnado de 3º de ESO.

Temporalización: 2º Trimestre.

Duración: 2 sesións de 50 minutos.

A imaxe corporal representa non só o aspecto físico da persoa, senón o concepto, a visión e a valoración que a persoa ten sobre si mesma; o autoconcepto e a autoestima. Cando a valoración que unha persoa fai sobre si mesma é positiva, repercute tamén positivamente no desenvolvemento da súa vida, actividades e accións. Nembargantes cando a autoestima é negativa pode representar unha eiva no desenvolvemento da persoa. Ter unha imaxe corporal positiva significa sentirnos satisfeitos/as do noso aspecto, apreciar as capacidades do noso corpo e impulsar as nosas potencialidades.

**OBXECTIVOS:**

- Contribuír ao coñecemento, aceptación do corpo e da imaxe corporal de forma satisfactoria e positiva, respectando o amplo abano de peculiaridades e capacidades que conforman a diversidade humana
- Tomar conciencia da propia imaxe e favorecer a súa aceptación • Poñer en valor a diversidade corporal
- Reforzar as habilidades para fortalecer unha personalidade crítica e analítica co contexto social e cultural

**UMAD**

- **Obradoiro “ Educación para Saúde: Prevención de Condutas Aditivas”.** Dirixido ao alumnado de 4º de ESO.

Temporalización: 2º Trimestre.

Duración: 4 sesións de 50 minutos.

**OBXECTIVOS:**

- Informar ó alumnado sobre distintos tipos de condutas aditivas e que provocan dependencia.
- Promover factores de protección fronte a esas condutas.
- Clarificar conceptos e termos básicos relacionados coas drogodependencias.
- Analiza-los diferentes factores que poden influír no consumo de drogas, así como nas posibles consecuencias que poden derivarse do mesmo.

- Previr do consumo das drogas máis consumidas pola poboación mozo, entre as que destacámo-lo alcol , o tabaco, o cannabis e as drogas de síntese.

#### CONTIDOS:

- ¿Por que consomen os/as adolescentes e mozos/as. Factores que inflúen no consumo de drogas.
- Conceptos básicos sobre drogas: uso, abuso, dependencia,..
- Tipos de drogas. Especial referencia a Drogas de Síntese, Cannabis, Alcol e Tabaco.
- Consecuencias do consumo de drogas (especial referencia a alcol, tabaco e drogas de síntese).
- Como combatir a presión grupal: Habilidades sociais básicas e avanzadas.
- Medios de comunicación social e drogas.
- Alternativas de Lecer e Tempo Libre adaptadas ó perfil dos/as adolescentes e mozos cos que se intervén.

### **PROGRAMA DE CORRESPONSAIS XUVENILES**

Esta iniciativa é desenvolvida por un grupo de alumnos/as da ESO que teñen como obxectivo informar ao resto de estudantes sobre iniciativas e actividades de tipo cultural, ocio, cuestión relacionadas cos ámbitos académico e social.

Temporalización :durante os recreos e/ou sesión de titorías.

### **COORDINADOR/A DE BENESTAR**

#### XUSTIFICACIÓN TEÓRICA

A Orde do 23 de agosto de 2023 establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia. O seu plan de traballo forma parte do plan de convivencia do centro e os seus obxectivos principais consisten en promover un ambiente seguro -física e emocionalmente-, favorecer habilidades sociais, unha convivencia pacífica e desenvolver hábitos de vida saudables.

Segundo a OMS, no seu plan de acción integral sobre saúde mental, para o período 2013-2020, a saúde ou o benestar emocional é un “estado de ánimo no cal a persoa dáse conta das súas propias actitudes, pode afrontar as presións normais da vida, pode traballar de xeito máis productivo e pode facer unha contribución á comunidade”. Deste xeito, é importante que os centros educativos favorezan o desenvolvemento de:

- A resiliencia: conxunto de procesos que integran a capacidade para afrontar as adversidades, saír fortalecido e construír sobre elas.
- Competencias emocionais: capacidade para coñecer, tomar conciencia e xestionar as nosas emocións e as dos demais, regulando o noso estado de ánimo e conduta.
- Competencia social: capacidade para manter boas relacións con outras persoas. Isto implica dominar habilidades sociais e comunicativas.
- Habilidades de vida e benestar: capacidade para adoptar comportamentos apropiados e responsables para afrontar desafíos ou situación extraordinarias de carácter imprevisto.
- Autoestima: capacidade que ten unha persoa para aceptarse, valorarse e amarse a se mesma.

## ANÁLISE DO CONTEXTO

O noso centro educativo conta, de xeito xeral, cunha convivencia agradable e pacífica na que a maioría da comunidade educativa amosa unha actitude de tolerancia e respecto cara á diversidade. O alumnado de nova incorporación intégrase con facilidade e o equipo directivo / profesorado do centro presenta unha actitude de implicación e colaboración na aplicación da variedade de protocolos e plans existentes. Non obstante, o número de alumnado do centro é elevado (arredor de 600 alumnos/as) e sempre poden xurdir pequenos conflitos ou situacións persoais complicadas derivadas da historia persoal/familiar de cada persoa. Ademais, a formación en habilidades sociais, hábitos de saúde, valores democráticos e dereitos da infancia constitúe unha parte fundamental do proceso educativo. Por este motivo, concretamos os seguintes obxectivos a desenvolver como parte do plan de convivencia e acción tutorial:

Obxectivo 1: Dar a coñecer a figura do Coordinador/a de Benestar á comunidade educativa.

Actuacións:

- Presentación da figura do Coordinador/a de Benestar na reunión de familias de inicio de curso e nas reunións de profesorado.
- Presentación nas aulas de alumnado de 1º de ESO.

Temporalización: 1º Trimestre.

Obxectivo 2: Detectar situacións de malestar, ansiedade, sufrimento... no conxunto da comunidade educativa e dotar de recursos para o acompañamento e intervención.

Actuacións:

- Dende o primeiro nivel da acción da titorial, é dicir, as titorías, tratarase de identificar alumnado que presente malestar, ansiedade, sufrimento, etc. Deste xeito, utilizaremos “Parellas de iguais”, “Acompañamento docente” e “Apoio do departamento de orientación” para intentar mellorar a situación do alumno/a.

Temporalización: o tempo que dure o estado de malestar do alumno/a.

Obxectivo 3: Realizar obradoiros e actividades no plan de acción titorial encaminados a resolución pacífica de conflitos, ás habilidades sociais e ao benestar emocional.

Actuacións:

- Obradoiro de Prevención de Condutas Violentas a través de Estratexias de Xestión Emocional e Habilidades Sociais”. Dirixido a alumnado de 1º de ESO.
- Programa TESEO: obradoiro de Mellora das Habilidades Sociais e Autoestima para Previr Condutas Violentas. Dirixido a alumnado de 4º de ESO.
- Realizar sesións de titorías nas que o titor/a, como mediador/a, trate de forma conxunta pequenos problemas e conflitos da vida diaria para unha resolución pacífica de problemas.

Temporalización: todo o curso.

- Participación no Programa Coaching Menores de ALAR GALICIA, asociación sen ánimo de lucro que traballa no ámbito dos servizos sociais.
  - ✓ Dirixido a : menores de 12-17 anos.
  - ✓ Obxectivos: dar resposta a resolución de problemáticas como Fracaso Escolar, Déficits de Habilidades Sociais, Desmotivación, Carencias en Hábitos de Vida.
  - ✓ Procedemento: o alumnado e/ou familia será remitida ó Programa a través do centro educativo.

Temporalización: todo o curso.

Obxectivo 4: Realizar obradoiros e actividades no plan de acción tutorial encaminados a mellorar a saúde física e emocional do alumnado.

Actuacións:

- Proxecto VOITHEIA: obradoiro de Prevención de Conduta Suicida. Dirixido a alumnado de 3º de ESO.  
Temporalización: 1º Trimestre.
- Charlas sobre Xestión Emocional. Dirixido a alumnado de 2º de ESO.  
Temporalización: 3º Trimestre.
- Proxecto MORHEO: Charla de Prevención de Condutas Aditivas, incluídas a novas tecnoloxías. Dirixida a alumnado de 2º de ESO.  
Temporalización: 2º Trimestre.
- Realizar sesións de titorías nas que se promovan hábitos de vida saudable: realizar un menú sano, a importancia do exercicio físico, hábitos de sono, etc.  
Temporalización: 2º Trimestre.

Obxectivo 5: Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.

Actuacións:



- Informar a Servizos Sociais, Autoridades policiais e xudiciais sobre asuntos relacionados co bienestar físico/emocional dun menor cando sexa pertinente e se vulneren os dereitos fundamentais do neno/a.

Temporalización: Todo o curso.

## SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento do plan será continuado e permitiranos ter un coñecemento preciso sobre as intervencións realizadas en materia de convivencia e benestar emocional. Este seguimento será realizado polo equipo docente e a comisión de convivencia; e permitiranos revisar os obxectivos, as actuacións e as súas actividades para a planificación de futuras accións e liñas de mellora.

A avaliación terá carácter continuo e avaliaremos se os obxectivos propostos en cada actividade se conseguiron ou non. Así, en cada unha das actuacións a desenvolver avalárase a consecución de obxectivos e o grao de realización de actividades previstas. Coa avaliación poderemos analizar a adecuación dos tempos, dos recursos e do impacto xerado

### **ACLARACIONES:**

As datas de cada obradoiro planifícanse no primeiro mes do curso nas reunións de coordinación do Departamento de Orientación con cada unha das entidades. Intentárase, como todos os cursos, que as sesións dos obradoiros de 50 minutos coincidan coas horas de titoría na aula, de non ser posible, pactárase cos titores/as os cambios.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2023.

A Orientadora,



Asdo.: M<sup>a</sup> Alejandra Vidal Fidalgo.